

ACTA NÚMERO 3
UNIDADE TÉCNICA DE CONTRATACIÓN

558/2024: REXENERACION PAIXÍSTICA NO PARQUE VISTALEGRE, XUNQUEIRA DOS MUIÑOS E AREAL_PASS-NEXT_GENERATION_ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO

Data e hora de celebración

26 de agosto de 2024, 12:00 horas

Lugar de celebración

Sala de reunións da Casa do Concello de Outes.

No lugar e data sinalados, constitúese a Unidade Técnica de Contratación deste procedemento de licitación, cos seguintes **Asistentes:**

-Da. Sofía Pérez Figueira

-Da. Clara Ortega Fernández, secretaria da Corporación

Non asiste D. Andrés Busto Allo, por atoparse ausente por vacacións.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

A Unidade Técnica procede a:

1º.- Comprobar a documentación presentada polo licitador Jardineria Arce S.L.

En data 22/08/2024 requiriuse ao antedito licitador a subsanación da documentación previa á adxudicación, ao comprobarse que non se acreditaban documentalmente os seguintes extremos:

- A acreditación da capacidade de obrar e representación do empresario.
- A titulación académica / profesional do empresario.
- A acreditación do cumprimento dos criterios de adxudicación de estabilidade no emprego.

Pola unidade técnica procédese a comprobar o contido e adecuación da documentación presentada:

1. Acreditación de requisitos previos.

No tocante á acreditación da capacidade de obrar e que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, polo licitador achégase copia da escritura de constitución da empresa, onde consta que o asinante da



proposición, D. JOSÉ RAMÓN LÓPEZ ARIAS, é o Administrador único da sociedade JARDINERÍA ARCE S.L.

Polo tanto, a Unidade Técnica estima que a documentación presentada é correcta.

2. Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais adscritos ó contrato.

Polo licitador achégase copia da titulación do empresario, D. JOSÉ RAMÓN LÓPEZ ARIAS, polo que a Unidade Técnica estima que a documentación presentada é correcta.

3. Acreditación da estabilidade no emprego.

Polo licitador achégase a seguinte documentación:

- Informe de traballadores en alta (ITA) do mes de xullo do 2024.
- Contratos de traballo indefinido e a tempo completo dos traballadores con C.A.F “SAFRF”, “PEBOD” e mais “GOBAM”.

Do Informe de Traballadores en Alta (ITA) presentado dedúcese o número de persoas traballadoras (homes e mulleres) que compoñen o persoal da empresa, así como aqueles que contan con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa (segundo as Claves de Contrato de Traballo 100, 109, 130, 139 , 150 , e 189, correspondentes ás distintas modalidades de contrato indefinido por tempo completo), e as datas nas que causaron alta na empresa.

Pola Unidade Técnica estímase, á luz da nova documentación achegada, que **o licitador cumpre cos criterios de adxudicación do contrato, ao quedar acreditado que JARDINERÍA ARCE S.L conta cun total de 128 traballadores indefinidos e a tempo completo.**

No tocante á contratación de mulleres, o licitador, na súa oferta, indicou que contaba cun total de 137 traballadores fixos e a xornada completa, dos cales 12 eran mulleres, o que representa un 8,76% do total.

A Unidade Técnica comproba que **polo licitador incurriuse en erro na súa oferta**, ó sinalar que contaba con 12 mulleres traballadoras con contrato indefinido e a tempo completo, en tanto a traballadora con C.A.F “PECEM” está contratada a tempo parcial (código de contrato 289) ó 50%, e, polo tanto, **conta unicamente con 11 traballadoras en dita situación.**

Segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, as



empresas con máis de 100 traballadores que contén cunha porcentaxe do 8% ou máis de mulleres contratadas de forma indefinida e a xornada completa obterán a máxima puntuación neste criterio, que ascende a 15 puntos.

A pesar de que o licitador incorreu nun erro ao declarar inicialmente un número de 12 mulleres, o número realmente acreditado de 11 mulleres segue cumprindo co limiar do 8% esixido para obter a máxima puntuación.

Por tanto, procede **recalcular a oferta do licitador neste criterio, resultando que o porcentaxe correcto é do 8,02%, co cal o licitador mantén a puntuación máxima obtiva inicialmente (15 puntos).**

En base ao exposto, a Unidade Técnica

ACORDA

ÚNICO. Propoñer como adxudicatario do contrato de REXENERACION PAIXÍSTICA NO PARQUE VISTALEGRE, XUNQUEIRA DOS MUIÑOS E AREAL ao licitador JARDINERÍA ARCE S.L, por atender correctamente o requirimento de documentación previa á adxudicación.

Remata a sesión as 13:00 horas na data e lugar sinalados no encabezamento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

